



DOSSIER DE PRENSA



XORNADAS “COMUNICACIÓN, PODER E CONTRAPODER”

1.- XORNADAS “COMUNICACIÓN, PODER E CONTRAPODER”

As *Xornadas “Comunicación, Poder e Contrapoder”* é unha iniciativa de **ECOAR)))** que pretende abordar, dende diversos enfoques de profesionais e especialistas, **a comunicación como elemento clave na construción do poder e o contrapoder na sociedade actual.**

“*Comunicación, Poder e Contrapoder*” pretenden analizar como se tecen redes entre as transnacionais, os medios e o poder político para estruturar o sistema actual a través das relacións de poder e a construción dun discurso hexemónico e uniforme. Ao tempo preténdese amosar e examinar como se organizan as persoas na construción do contrapoder a través da vertebración dun discurso alternativo e unha nova cultura que ten como punto central a transformación dx cidadá/n nun suxeito activo, grazas á aparición de novas ferramentas, novos coñecementos e unha concepción diferente da comunicación e a información a partir da aparición de internet.

2.- OBXECTIVOS

As *Xornadas “Comunicación, Poder e Contrapoder”* pretenden:

- Mapear as causas e consecuencias do sistema de comunicación na sociedade actual.
- Coñecer proxectos e iniciativas comunicativas que xeren alternativas á hora de construír as sociedades.
- Aprender como as persoas podemos usar as ferramentas comunicativas para reconstruír o mundo.
- Coñecer como manexar a infoxicación e o silencio informativo.
- Entender o poder real dos medios de comunicación.
- Coñecer a diversidade no tipo de activismos comunicativos.

3.- AS PALESTRAS

As *Xornadas “Comunicación, Poder e Contrapoder”* están conformadas por varias **palestras abertas e de carácter gratuito** que terán lugar en A Coruña, Madrid, Montpellier, Montreal, Santiago de Compostela e Vigo, e que estarán interconectadas a través de distintos espazos dixitais.

Cada unha das palestras terá dous bloques. Un primeiro bloque que terá unha duración entre 50/60 minutos e no que un relator ou unha relatora realizarán unha charla expositiva; e un segundo bloque no que se realizará un debate final moderado dx relator/a coas persoas asistentes cunha duración aproximada de 30 minutos.

4.- RELATORXS


ALEJANDRO BARRANQUERO CARRETERO

Profesor e investigador no Departamento de Xornalismo e Comunicación Audiovisual da Universidade Carlos III de Madrid. Especialista en Materialismo Histórico e Teoría Crítica, Comunicación e Xestión Política. É autor e coautor de distintos escritos de investigación relacionados con comunicación para o desenvolvemento e o cambio social, medios comunitarios, alternativos e cidadáns, comunicación/educación, comunicación ambiental e teoría crítica.



ANTONIO CARO

Membro de honra da Rede Latinoamericana de Publicidade, socio da Asociación Española de Investigadores en Comunicación (AE-IC) e da Asociación Española de Semiótica (AES). Ademais é profesor convidado de diversas universidades do estado español e latinoamérica, ademais de investigador especializado en publicidade e fundador da revista *“Pensar la Publicidad”*. As súas principais áreas de investigación son a publicidade, entendida como o mecanismo de institución social por antonomasia nas actuais “sociedades de consumo”; a



marca como constructo publicitario; e o capitalismo na súa forma actual que entende baixo a denominación “capitalismo do signo/mercadoría”, ademais da semiótica.


DIMITRI VITALIEV

Consultor experto en seguridade dixital e formador experto en dereitos humanos e medios de comunicación independentes. Dmitri Vitaliev pasou os últimos 15 anos traballando para preservar e defender os dereitos humanos en Internet. É o autor de “*Digital Security and Privacy for Human Rights Defenders*” e o instigador orixinal do proxecto Security-in-a-Box. Colaborador habitual de publicacións tecnolóxicas, Dmitri ten axudado a crear redes mundiais de capacitadorxs e especialistas en seguridade, desenvolvendo currículos e estratexias de seguridade da información para organizacións líderes en dereitos humanos e realizando traballo de campo en máis de 40 países. Actualmente, xestiona eQualit.es onde se desenvolven tecnoloxías defensivas para protexer a liberdade de expresión e a privacidade.



JOSÉ CANDÓN MENA

Profesor do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Facultade de Comunicación na Universidade de Sevilla. Investigador do Grupo Interdisciplinario de Estudos en Comunicación, Política e Cambio Social (COMPOLÍTICAS), socio da Rede de Investigación en Comunicación Comunitaria, Alternativa e Participativa (RICCAP) e da Rede Tecnopolítica; membro do consello de redacción da revista Redes.com e coordinador do Congreso Move.net sobre Movementos sociais e TIC. Doutor en Ciencias da Comunicación e Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid. Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Málaga, Máster en Comunicación de Institucións Públicas e Políticas (UCM) e Máster en Docencia e Investigación para a Educación Superior (UNED). Máis dunha década de experiencia como xornalista en gabinetes de comunicación de organizacións sindicais e políticas. Investiga actualmente sobre comunicación, xornalismo, publicidade social, movementos sociais, tecnopolítica, apropiación social das TIC, socioloxía, etc.



JOSÉ “PEPE” RIBAS

Fundador da revista contracultural *Ajoblanco*, publicación que acompañou a explosión social xurdida no tardofranquismo e a transición achegando temas inéditos até aquel momento, como a ecoloxía, o movemento LGBTI, o colectivismo...

Recentemente Pepe Ribas xunto a colaboradorxs da antiga revista e novas caras lanzaron de novo a revista o pasado xuño deste



ano coa intención, de que volva ser un instrumento revulsivo. Ademais escribiu o libro “*Los 70 a destajo*”.

MAGDALENA BANDERA

Xornalista e escritora con ampla experiencia (*La Vanguardia, Público, La Sexta...*). Foi coordinadora editorial da revista “*A Marea*” dende a súa fundación en 2012, e actualmente é a súa directora dende 2015. É licenciada en Xornalismo pola Universidade Autónoma de Barcelona e realizou un posgrao en Xornalismo Dixital pola UOC.

Ademais está especializada no tratamento comunicativo da violencia de xénero, sendo impulsora e coordinadora de varias xornadas e un decálogo que abordan esta cuestión.



MARCOS PÉREZ PENA

Xornalista en “*Praza Pública*”. Traballou anteriormente en *Diario de Ferrol, La Voz de Galicia, Tempos Novos* e no dixital *Vieiros.com*. Doutor en Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela, cunha tese sobre a prensa na Transición Política.

Publicou distintas investigacións sobre ciberpolítica, xornalismo dixital e historia do xornalismo. Coordinador do volume sobre o 15M en Galiza, “*A praza é nosa*” (2.0 Editora).



PHILIPPE CORCUFF

Profesor de Ciencia Política no Instituto de Estudios Políticos de Lyon e profesor de Socioloxía na *Universidade París Descartes*, membro do laboratorio *CERLIS* e membro do Consello Científico de *Attac*.

As súas áreas de investigación son a teoría sociolóxica, a epistemoloxía das ciencias sociais, diálogos transfronteirizos entre socioloxía, filosofía e culturas ordinarias, exploración de una teoría xeneral sobre o papel das individualidades ante as sociedades individualistas e capitalistas contemporáneas.



5.- PROGRAMA

❖ A CORUÑA

- Xoves 23/11/2017 - **MARCOS PÉREZ** *“Cada xornalista ten a súa verdade. Guerra de relatos nun mundo fragmentado”* Casa Museo Casares Quiroga (Rúa Panaderas, 12) ás 19:30 h
- Venres 24/11/2017 - **ANTONIO CARO** *“A publicidade como instrumento do poder”*, Asociación Cultural Alexandre Bóveda (Rúa Olmos, 16) ás 20:00 h

❖ MADRID

- Xoves 30/11/2017 - **ALEJANDRO BARRANQUERO** *“Estratexias para a reforma mediática. É posible subvertir o sistema de medios?”* CSA Playa Gata (Avda. Cardenal Herrera Oria, 80B) ás 20:30 h

❖ MONTPELLIER

- Venres 08/12/2017 - **PHILIPPE CORCUFF** *“Crítica dos media e emancipación no mundo actual”*, Espace Martin-Luther-King, 27 boulevard Louis-Blanc, 34000 Montpellier ás 19h

❖ MONTREAL

- Venres 08/12/2017 - **DMITRI VITALIEV** *“Manipulando a rede. Historias de censura e seguridade defensiva”*, Universidade McGill, (Rúa McTavish 3480, QC H3A 1X9 (Room 203A, 2nd Floor)) ás 19:00 h

❖ SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Venres 17/11/2017 - **JOSÉ CANDÓN** *“Unha gaiola con fiestras: Riscos e oportunidades para o activismo dixital”*, Gentalha do Pichel (Rúa Santaclara, 21) ás 21:00 h

❖ VIGO

- Sábado 18/11/2017 - **JOSÉ “PEPE” RIBAS** *“Existe prensa libre?”*, De Catro a Catro (Rúa de Girona, 16) ás 20:00 h

- **Sábado 25/11/2017 - MAGDA BANDERA “Mitos sobre a presunta revolución dixital nos medios.”**, O Serán (Rúa Manuel Núñez, 29, Baixo) ás 20:00 h

6.- FINANCIAMENTO

As *Xornadas “Comunicación, Poder e Contrapoder”* fináncianse cunha campaña de microfinanciamento que se desenvolve a través da Asociación Pepa Loba:

<https://pepaloba.org/gl/campanas/xornadas-comunicacion-poder-contrapoder/>

O orzamento total das xornadas ascende a 2.100 euros, que se acadaron integramente a través da campaña de microfinanciamento, para gastos de hospedaxe e desprazamento dxs relatorxs, así como do material preciso para a realización das mesmas.

7.- COMUNICACIÓN

Vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=o3bIY1PcVw4&t=12s>

Web: comunicacioncontrapoder.ecoarglobal.org

Eventos Facebook

- A Coruña
 - Marcos Pérez: <https://www.facebook.com/events/276740742834833>
 - Antonio Caro: <https://www.facebook.com/events/125672974808879>
- Madrid
 - Alejandro Barranquero: <https://www.facebook.com/events/182632802283749>
- Montpellier
 - Philippe Corcuff: <https://www.facebook.com/events/818699528333702/>
- Montreal
 - Dimitri Vitaliev: <https://www.facebook.com/events/1742466839119173/>
- Santiago de Compostela
 - José Candón: <https://www.facebook.com/events/489601301408486/>
- Vigo

- Pepe Ribas: <https://www.facebook.com/events/471467333238710/>
- Magda Bandera: <https://www.facebook.com/events/123104765043751/>

Hashtag: #ComunicacionContraPoder

8.- CONTACTO

Correo: comunicacion@ecoarglobal.org

Facebook: [Ecoar Global](#)

Web: <http://ecoarglobal.org/>

Youtube: [Ecoar Global](#)